



50 anos de GRIAL

Sección coordinada por Víctor F. Freixanes
e Henrique Monteagudo

Actuar desde a cultura

Galeguismo “histórico” e transición democrática

RAMÓN VILLARES

Ramón Villares é presidente
do Consello da Cultura Galega
e membro do consello de redacción
de GRIAL.

A revista GRIAL tivo dúas fases históricas, pero a primeira foi breve. Obedecía a un propósito de autoafirmación dun grupo que acababa de fundar unha editorial como vía cultural substitutiva da acción política de oposición ao réxime franquista. A segunda fase, a que comeza no ano 1963 e chega até a actualidade, debe ser analizada, ademais, como un soporte comunicacional para unha cultura e unha lingua que estaba a batallar por lograr un *status* de recoñecemento e de lexitimidade social e institucional. Foi tamén unha mostra do ambiente epocal que, en materia cultural, caracteriza a España franquista dos anos sesenta, na que mudan estratexias no ámbito de partidos e grupos antifranquistas e na que unha boa parte dos intelectuais “comprensivos” (xa medio triunfantes da súa batalla cos “excluíntes”) comeza a construír novas estratexias e novos marcos de oposición ao franquismo, colocando como obxectivos fulcrais para o porvir posfranquista a democracia política e a integración europeísta, tal como simbolicamente ficara declarado no “contubernio” de Múnic (1962), en palabras do presidente da reunión, o galego Salvador de Madariaga.

Este ambiente propiciou a aparición dun léxico novo. Unha palabra moi empregada daquela foi a da reconciliación entre vencedores e vencidos na Guerra Civil, seguida do necesario diálogo entre o interior e o exilio. A ferramenta esencial para artellar ese diálogo foi a cultura, convertida deste modo nun resorte básico da loita política de oposición á ditadura franquista, como recoñece a estudiosa do exilio G. Dreyfus-Armand, cando afirma que “a loita contra o franquismo emprendeuse en nome da defensa da cultura” (*El exilio de los republicanos españoles en Francia*, 2000, p. 89). A loita cultural foi, pois, un espazo privilexiado de combate durante os anos da segunda posguerra mundial, como revela a abondosa bibliografía xa existente sobre o “Congreso pola paz” e, nomeadamente, o “Congreso pola liberdade da cultura” (para o caso español, alén dos traballos de Jordi Gracia, é útil o recente libro de O. Glondys, *La guerra fría cultural y el exilio republicano español*, 2013). Pero habería que dicir que foi nos anos sesenta/setenta cando, polo menos no caso español, o espazo cultural se converteu nun dos instrumentos predilectos de oposición ao franquismo. Isto explica a aparición de publicacións e proxectos de carácter cultural que tiñan como primeiro obxectivo preparar unha saída para a ditadura. Abondaría con lembrar algunhas destas iniciativas para contextualizar estes novos tempos nos que se insire a aparición de

GRIAL, definido por Ramón Piñeiro como “un órgano cultural noso” destinado a lograr o “rexurdir espritoal do noso país” (F. Pérez-Barreiro, *Amada liberdade*, 2013, p. 122) e, por tanto, como preparación das novas xeracións para un futuro democrático.

A revista non naceu, pois, como algo illado. Así como a revista *Nós* aparecera en 1920 como unha expresión da alta cultura galega feita na lingua propia, idea que tamén roldaba a primeira fase de GRIAL nos primeiros anos cincuenta, a saída definitiva de 1963 forma parte dun proxecto epocal moito máis claro, tanto dentro como fóra de Galicia. No propio ano 1963 aparecen revistas tan diferentes como *Cuadernos para el Diálogo*, promovida desde sectores liberais e demócrata-cristiáns, e renace tamén a orteguiana *Revista de Occidente*, por non falar de proxectos como a portuguesa *O Tempo e o Modo*, definida como “revista de pensamento e acción”, que tería un transcurso ideolóxico análogo á da española *Cuadernos para el Diálogo*. O elo común que une todas estas cabeceiras é a vontade de preparar unha solución democrática para o futuro, que era tan inexorable como incerto na súa tardanza, a partir dunha intensa acción de loita cultural, como amosa a mellor monografía actual sobre a revista inspirada por Ruiz-Giménez (J. Muñoz Soro, *Cuadernos para el Diálogo, 1963-1976. Una historia cultural del segundo franquismo*, 2006). O chamado “culturalismo” foi máis universal do que parece polos *pagos* galaicos. Todas estas revistas de pensamento e de cultura combinaron un obxectivo político coa formación de elites e coa preparación para tempos de democracia política.

A efeméride de GRIAL (200 números de vida) pode, pois, enfocarse desde varios puntos de vista. O que escollerei aquí sitúase alén dos muros da propia revista e dos seus contidos. Máis que da revista, tentarei enfiar algunhas reflexións sobre o papel desempeñado pola cultura, como expresión dun valor identitario e como definición dun grupo intelectual, na xestación da autonomía de Galicia en tanto que “nacionalidade histórica”, dona dunha lingua e cultura de seu e, por tanto, como unha nación cultural. Este punto de vista axudará a entender o protagonismo das xentes da cultura e, nomeadamente, do galeguismo “histórico”, na organización do proceso político de transición democrática e, naturalmente, a súa incardinación futura no entramado institucional do sistema autonómico galego, ata o punto de que nalgúnhas das fases do proceso puido ter actuado este grupo político-cultural como un referente de natureza suprapartidaria na dinámica política das primeiras xeiras da Galicia autonómica.

Galeguistas históricos

A expresión de galeguismo ou galeguistas “históricos” é tan ambigua que apenas serve como denotativa dunha tendencia política ou intelectual, pero tivo tanta fortuna que por si mesma resulta elocuente. Na prensa da altura era sintagma que estaba á orde do día e mesmo se encontra en textos privados como as cartas. O galeguista porteño Rodolfo Prada pregúntalle a Ramón Piñeiro (17-VI-1978) “que pensan os galeguistas históricos, especialmente os que foron membros do Partido Galeguista”, sobre a proposta de trasladar a Galicia (xa daquela) os restos de Castelao. O matiz de Prada axuda a entender cabalmente esta expresión, pois remite á tradición galeguista republicana, con algún engadido epigonal. Pódese definir o grupo de galeguistas “históricos” co enunciado dos seus compoñentes que, *grosso modo*, pertencen a correntes algo distintas entre si, desde a máis compacta de Galaxia ata a máis plural das xentes do exilio ou dos emigrados (casos de Prada, Puente ou Canabal), coas que lograron tender lazos máis ou menos estreitos tanto os “galaxianos” como os principais membros do grupo Sargadelos. Os nomes de Fernández del Riego, García-Sabell e Ramón Piñeiro no primeiro caso, e de Valentín Paz-Andrade e Isaac Díaz Pardo no segundo, abundan para personalizar as súas intensas relacións con figuras como Rodolfo Prada, Silvio Santiago, Xesús Canabal, Rafael Dieste, Xosé Núñez Búa ou Luís Seoane.

A súa marca definitoria está en que, tendo unha filiación política e cultural que empata coa tradición da II República, e unha clara posición de resistencia ou oposición ao réxime franquista, tanto no interior como no exilio, fixeron da opción cultural un modo de facer política galega, tanto nos tempos do franquismo como na etapa clave da transición cara á democracia e o réxime autonómico. O cultivo da cultura era laboría moi atendida nas dúas parroquias galegas, a europea e a do exilio americano. Pois se cultura foi a estratexia seguida polo grupo Galaxia no interior, canto de proxecto cultural non ten a obra dos exiliados republicanos máis radicais, como os de AGUEA de Baltar, Dieste, Varela ou Seoane, todos eles distanciados expresamente do Consello de Galiza e dos seus principais guieiros desde os tempos do Congreso da Emigración en 1956. En realidade, a evolución das elites culturais e políticas galegas non foi moi diferente do que acontecía no marco do antifranquismo español, onde se privilexiou claramente a “alianza das forzas do traballo e da cultura” —por utilizar a coñecida fórmula cuñada polo PCE— e se logrou, coa reunión de Múnic como parteaugas, unha converxencia entre o exilio e o interior,

pero con progresiva hexemonía das estratexias dos que actuaban desde o interior de España, que desde a década dos cincuenta deixaron de ter as institucións republicanas no exilio como un referente político.

A loita cultural foise afirmando cada vez máis, desde a década dos sesenta, como unha práctica do antifranquismo en España. Unha das modalidades desa loita foi a de asinar documentos de protesta, comezando pola famosa carta de centos de intelectuais, que encabeza José Bergamín, protestando pola actuación da policía contra as folgas mineiras en Asturias en 1962. A esta protesta seguirían moitas outras, o que deu lugar a unha práctica que Javier Pradera, con algo de sorna, alcumou como unha táctica de “lucha firmada”, substitutivo da folga nacional pacífica do PCE e, desde logo, da loita armada dos tempos do maquis (Santos Juliá, *Camarada Javier Pradera*, 2012). Esta táctica dos “abaixo asinantes”, que apenas se practicara na Galicia da preguerra civil, fíxose moi común tamén entre nós desde os anos sesenta, con cartas a favor do emprego da lingua galega na liturxia, contra o encoro de Castrelo de Miño ou demandando unha nova política agraria e forestal, e logo sería un dos emblemas da actuación dos intelectuais nos tempos da transición.

Cultura e nación

O peso da cultura como factor esencial na definición da identidade non é algo específico do caso galego. En todos os casos coñecidos de configuración das ideoloxías nacionalistas, sexan máis ou menos “cívicas”, o compoñente da cultura é moi forte. Mais poderíamos afirmar que a historia do nacionalismo galego constitúe un exemplo máis próximo ao dunha nación cultural que ao dunha nación política, non só por carecer de estado, senón tamén pola debilidade mobilizadora da súas organizacións partidarias, polo menos en comparanza co acontecido con outras nacións europeas sen estado (Cataluña, Euskadi) ou con estado (Irlanda).

O papel protagonista da cultura na articulación do nacionalismo galego do século XX non foi un resultado inexorable da acción de intelectuais, poetas e artistas. Desde logo, a fortaleza dos grandes teóricos do galeguismo, desde os tempos do rexionalismo de Murguía ata o nacionalismo de Risco, foi tan sobranceira que deixou nun luscofusco a importancia de organizacións e dirixentes. Pero puido acontecer que, na revisión da tradición rexionalista por parte do nacionalismo das Irmandades da Fala e do grupo Nós, se lle seguise atribuíndo unha posición relevante á Raza (celta) ou mesmo á Terra, ou que comezasen a seren máis evidentes os compoñentes

voluntaristas na conformación do discurso nacionalista. Se non aconteceu deste modo, polo menos de forma clara ata a II República e a emerxencia ao liderado político da figura de Castelao, foi debido a dous factores. Dunha banda, á importancia que o grupo de Ourense, tanto Risco como Otero Pedrayo, lle concedían á cultura como elemento definidor da identidade de Galicia. E, en segundo termo, á propia dificultade para organizar na sociedade galega do primeiro terzo do século XX un proceso de mobilización social de signo nacionalista, nomeadamente pola imposibilidade de empatar co movemento do agrarismo, ese gran “partido malogrado”, en atinada expresión que cuña Vicente Risco no seu libro *El problema político de Galicia* (1930).

A condición central da cultura no discurso do nacionalismo galego minguou un pouco durante a II República, dada a capacidade do Partido Galeguista de combinar a vontade de “regaleguizar” Galicia —o que só podería facerse mediante unha decidida acción cultural— coa mobilización política que permitía un réxime de democracia de masas, como era o republicano. Malia esta viraxe do galeguismo republicano, é obvio que algunhas das súas accións máis senlleiras pertencen ao ámbito da cultura, tanto no tecido de industria editorial dirixido por Ánxel Casal como no entramado institucional, no que o Seminario de Estudos Galegos era peza substancial. O peso da cultura na definición de Galicia tampouco fraqueou no longo período franquista, tanto no interior como no exilio, por máis que adquirise matices novos. Desde logo, a actividade cultural dos núcleos do exilio (nomeadamente, en Buenos Aires) era unha forma de manter vivo o lume da tradición republicana e autonomista, así como de servir de elo entre o esplendor cultural da preguerra e o que eles estaban a soñar para un porvir posfranquista. Pero no exilio, a cultura non substituíu a política, senón que a complementaba. Con independencia do enorme labor cultural desenvolvido por figuras como Seoane, Dieste e Blanco Amor na capital arxentina, Canabal e Meilán en Montevideo, ou Delgado Gurriarán en México, o seu fío condutor non era a práctica da cultura como un fin en si mesmo, senón que se entendía como unha parte da súa actividade de oposición ao franquismo desde o exilio, como facían moitos dos seus coetáneos exiliados, nomeadamente os de culturas con lingua propia.

Tampouco no interior a cultura foi unha práctica inxenua ou inocua. Desde os anos cincuenta ata os setenta prodúcese unha sobreactuación cultural no seo da tradición galeguista e nacionalista, só explicable polas condicións políticas nas que se vivía na España franquista. Esta atribución á cultura do poder simbólico de gar-

dar a esencia da nación e, ao propio tempo, de posibilitar unha mínima conciencia política por parte das minorías ilustradas, foi asumida e practicada por todos os integrantes do universo cultural do galeguismo, desde o grupo Galaxia ata o novo nacionalismo xurdido nos anos sesenta. Un elemento vertebrador desta acción cultural, que se desenvolve con gran forza nos sesenta, foi a aparición dun potente asociacionismo, que foi quen de ir elaborando todo un programa de acción cultural, coa lingua galega como nervio central, nas principais cidades e vilas de Galicia. As actividades de asociacións como O Galo (Santiago, 1961) e O Facho (A Coruña, 1963), por mencionar só as dúas primeiras e principais, revela ata que punto era a cultura unha ferramenta para a socialización política, nomeadamente das novas xeracións chegadas á universidade na década do *desarrollismo*, como pode comprobarse na recente exposición dedicada á historia deste asociacionismo (R. Gurriarán, *Un canto e unha luz na noite*, 2011).

Hai, con todo, algunhas diferenzas de matiz que cómpre subliñar. Para a xeración galeguista que se reclamaba herdeira da tradición da preguerra (nomeadamente, o grupo Galaxia), a cultura non era só unha forma de facer política por outros medios, senón que, facendo unha relectura da xeración Nós, a cultura convértese nunha forma de “producir” identidade —coa lingua como referente decisivo—, que permita preparar a Galicia para un futuro incerto, pero sempre vencellado á consecución da democracia política ao estilo da Europa occidental. A cultura, pois, era esencia da identidade, pero tamén un pasadoiro cara a un futuro político democrático e europeísta, no que a presenza de Galicia só se podería argumentar con razóns culturais e non exclusivamente políticas. Nun texto que se pode considerar como manifesto xeracional, redactado en 1956 por Ramón Piñeiro, pero asumido expresamente por membros do grupo Galaxia como Fernández del Riego, García-Sabell ou Rof Carballo, sostense de forma clara esta posición central da cultura na concepción identitaria de Galicia: “O ser de Galicia depende da súa permanencia como cultura. Se a nosa cultura morre, Galicia desaparecerá do mapa espiritual de Europa”. Dito doutro modo: sen este plus cultural, Galicia non sería máis ca unha rexión xeográfica.

A consideración da cultura por parte do novo nacionalismo dos sesenta/setenta era algo menos esencialista, pero moito máis instrumental. Na súa definición da idea de Galicia, a cultura deixara de ser un factor nuclear como o fora na vella tradición da xeración Nós e mesmo na de Galaxia. Pola contra, era a dependencia económica e o conflito entre as clases nacionais populares e a

burguesía —“non nacional” por estar aliada co inimigo exterior e imperialista—, a chave explicativa da situación de Galicia como nación. O seu porvir non estaba garantido, pois, coa “producción” de identidade a través da acción cultural, senón que precisaba dunha acción política decidida, no marco da loita antifranquista, que permitise combinar independencia nacional e revolución social. Para estas tarefas, a cultura non parecería a ferramenta máis axeitada, por máis que non fose inútil.

Con todo, a cultura non podía ser arrombada ao faiado dos trastes inservibles, de modo que unha parte da acción política podía e debía asentarse sobre infraestruturas de natureza cultural. Un exemplo foron as asociacións culturais creadas nos anos sesenta, que obedecían a unha estratexia próxima aos círculos de Galaxia, e que foron directamente responsábeis da incorporación das novas xeracións ao campo do galeguismo e, no seu caso, tamén ao novo nacionalismo. Pero se na década dos sesenta eran estas asociacións culturais os instrumentos axeitados para crear unha conciencia galeguista que substituíse a ausencia de instrumentos partidarios, nos setenta foi a política a que comezou a sobrepoñerse ás redes e organizacións de natureza cultural. O proceso non era algo anómalo ou singular. Na estratexia da oposición antifranquista, en Galicia e fóra dela, a utilización de marcos asociativos legais (igrejas, colexios profesionais, centros educativos, asociacións veciñais ou culturais...) para a acción política foi unha práctica cotiá.

Fose por unha vía ou pola outra, a consideración da cultura como o maior sinal de identidade de Galicia era un dos temas centrais dos tempos da transición. A defensa da lingua, o seu cultivo literario, a recuperación da toponimia tradicional, a galeguización do ensino, a liturxia en galego, foron algunhas das reivindicacións dos anos sesenta e primeiros setenta. A hexemonía lograda por diversas organizacións nacionalistas (nomeadamente, a AN-PG) no campo do activismo cultural cara aos anos 1975-1977 facía prever, ademais, que esa posición de privilexio se podía trasladar ao campo da representación política. Aínda que tal non acontecese, o relevante que se debe subliñar é esta actuación de parcería entre cultura e política que se advirte na Galicia dos setenta, aínda que con tonalidades distintas. Para uns era primeiro a política, que precisaba da cultura como unha das ferramentas para a construción nacional; para outros, a cultura era o obxectivo nuclear en tanto que expresión dunha identidade que debía substituír a ausencia de conciencia nacional.



Xuntanza galeguista contra o ano 1955. Entre outros, aparecen Ramón Cabanillas, Valentín Paz-Andrade, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Xaime Isla Couto, Xesús Ferro Ruibal e Emilio Álvarez Blázquez

Redes e alianzas culturais

A conciencia de que todo o labor de reconstrución cultural emprendido desde os anos cincuenta por parte do grupo Galaxia tiña como obxectivo estratéxico a preparación de Galicia para unha eventual saída do réxime franquista é algo moi repetido por parte dos seus principais actores. Esta estratexia, alén do traballo realizado no plano estritamente cultural (cultivo do idioma, asociacionismo, edición de libros, creación de referentes simbólicos), debía ser complementada coa creación de redes e alianzas con outros grupos culturais e políticos de oposición á ditadura franquista, fosen ou non de ámbito galego. Neste punto, a evolución do grupo Galaxia durante os anos do franquismo foi especialmente activo, tanto no estrito campo da cultura como no da política propiamente dita, á hora de tecer un mapa de relacións exteriores que permitise visualizar a posición de Galicia no conxunto da oposición ao franquismo e situar a cuestión galega nos programas políticos e culturais pensados para a España democrática. Houbo nesta estratexia éxitos moi notables e tamén disensións que, neste caso, afectan sobre todo ao interior e ás relacións coa Galicia do exilio.

Reparemos brevemente nas relacións co exilio e nas posibles consecuencias que puideron ter para encamiñar a transición democrática de modo análogo a como a realizaron Cataluña e Euskadi. Tense chamado moito a atención sobre a ruptura política do galeguismo do interior cos galeguistas de Buenos Aires, que xa se albisca cla-

ramente nos anos corenta e que, de modo máis contundente, se confirma na década dos cincuenta, na famosa viaxe de Antonio Baltar a Galicia (1957) e na reunión celebrada na Rosaleda (Santiago de Compostela, 1958) entre membros do grupo Galaxia e Perfecto López. Dos contidos desta reunión existe documentación achegada por Piñeiro, que xa foi publicada no seu día (“Documentos políticos”, GRIAL 111, 1991) e, desde logo, unha abundosa referencia en testemuños posteriores. As disensións de 1957-1958 foron moi profundas e afectaron, ademais, a outros sectores da cultura e a outras relacións de amizade, como as forxadas no triángulo Paz-Andrade, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. Disensión que tamén tivo repercusións internas relativamente profundas, plasmadas nos conflitos provocados pola aparición da *Revista de Economía de Galicia* (1958), nas rupturas do grupo da mocidade universitaria amparada ata daquela por Piñeiro (“caso Mourullo” ou, algo máis tarde, o Consello da Mocidade) e, desde logo, no lanzamento dunha nova estratexia cultural por parte de Díaz Pardo e Luís Seoane arredor do Laboratorio de Formas (1963) e das iniciativas que del comezaron a derivar (Sargadelos, Edicións do Castro).

Este desencontro cos dirixentes do exilio, case todos residentes en Buenos Aires, concentrouse arredor da estratexia política que debía seguir o galeguismo, deixando a salvo en moitos casos non só as relacións persoais, senón tamén as de carácter cultural e literario. Abonda lembrar a periódica participación dos galeguistas (Otero, Fernández del Riego, Bouza-Brey, García-Sabell,

A evolución estratéxica do grupo Galaxia estaba cada vez máis afastada xa non só dos grupos do exilio galego en América, senón tamén das pautas adoptadas polo novo nacionalismo en Galicia e, de forma especial, pola UPG, que fiou boa parte da súa política exterior á relación cos asinantes da “carta de Brest” (1974), na que os obxectivos centrais eran a denuncia do imperialismo e do colonialismo a que estaban sometidos os pobos de Europa, nomeadamente en España, Francia e Irlanda

Paz-Andrade...) nas Xornadas Patrióticas do Centro Galego porteño, ou a participación en actos como a reunión da Unesco en Montevideo (1954), o Congreso da Emigración Galega (1956) ou a edición da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo (1962). Algúns membros relevantes da Galicia do exilio, como Luís Seoane, mantiveron ademais relacións moi estreitas e estables co galeguismo do interior, malia as súas reservas respecto do “culturalismo” ou “arqueoloxismo” que por veces se lles apuña. De feito, nas accións máis decisivas dos galeguistas no período da transición democrática, a presenza de figuras do exilio —ou do interior, pero con especial velleco co exilio— nos diversos documentos asinados polos galeguistas foi moi significativa, pois as sinaturas de figuras como Seoane, Blanco Amor, Paz-Andrade, Díaz Pardo están decote presentes, canda as de García-Sabell, Piñeiro ou Del Riego, nos tres grandes documentos aparecidos en momentos decisivos da transición democrática e do proceso autonómico: antes das eleccións de xuño de 1977 e con ocasión da tramitación do Estatuto de Autonomía (1979 e 1980).

A consecuencia máis evidente deste desencontro foi a debilidade con que se atopou o Consello de Galiza, concibido no seu día por Castelao como a expresión do goberno de Galicia no exilio, ao modo de vascos e cataláns. Pero cómpre engadir que o Consello de Galiza ficou totalmente orfo coa morte de Castelao e que mesmo deixou de ser recoñecida a súa importancia non só polo interior, senón polos seus antigos aliados vascos e cataláns que, desde 1948, adoptaron unha estratexia posibilista de “tomar todos os tranvías” (a expresión é do vasco Leizaola) que o propio Castelao morreu sen comprender. Logo, a reconstrución do Consello a finais dos cincuenta e a súa executoria durante os anos sesenta foi feita á marxe do galeguismo “histórico” do interior e mesmo do novo nacionalismo, que apenas logrou contactar máis que episodicamente cos dirixentes

do exilio porteño ou parisiense. As consecuencias foron evidentes: a causa galega no exilio ficou á marxe da estratexia dos grupos de oposición ao franquismo, como amosa a ausencia de representantes galegos no “contubernio” de Múnic, o que resulta ben rechamante dada a estreita relación que os Alvajar (representantes en Europa do Consello de Galiza) mantiñan co vello “poumista” Julián Gorkin, o grande organizador do encontro de Múnic e da maioría das reunións promovidas polo Congreso pola Liberdade da Cultura durante a década dos sesenta. Esta ausencia do exilio sería compensada pola presenza dos galeguistas “históricos” nestas redes de oposición cultural e política.

De feito, as dificultades de relación cos grupos do exilio, que son un lugar común en toda dinámica de oposición dividida territorialmente, tiveron unha clara compensación nas alianzas tecidas polos galeguistas “históricos” cos grupos moderados de oposición ao franquismo. A presenza de Piñeiro en Madrid nos anos corenta —incluída a súa estadía no cárcere durante máis de tres anos— deulle amizades persoais que durarían toda a vida (caso do lingüista vasco Michelena, do cineasta Muñoz Suay ou dos dous ilustres “fugados” de Cuelgamuros, o escritor Manuel Lamana e o historiador Nicolás Sánchez-Albornoz). Logo, por mediación de Rof Carballo ou de García-Sabell, os galeguistas estableceron relacións persoais con núcleos de disidentes do franquismo, pouco vencellados a partidos ou sindicatos e cunha tradición intelectual moi diversa, entre a que sobranceaba a de raíz institucionista e orteguiana (Américo Castro, Zubiri, Marías). Ademais, o grupo dos antigos falanxistas logo devidos en liberais, que formaron o que se ten chamado unha “resistencia silenciosa” á cultura oficial do franquismo (Ridruejo, Tovar, Laín, Torrente) conectou comodamente cos galeguistas. Relacións exteriores que tamén se estenderon ao mundo lusobrasileiro (Rodrigues Lapa, Celso Cunha), así como a figuras do exilio republicano

nos Estados Unidos (E. González López, Guerra da Cal), que se teñen algunha relevancia é porque reforzaron a condición dos galeguistas como interlocutores para asuntos de Galicia no marco do antifranquismo non comunista.

Neste sentido, é imprescindible lembrar a colaboración de García-Sabell e Piñeiro en empresas como a editorial Seminarios y Ediciones, animada polo grupo de Ridruejo, e naturalmente a constante participación que o grupo Galaxia e algúns dos mozos do seu contorno (Xosé Manuel Beiras, Ramón Ladróns ou X. L. Rodríguez Pardo) mantiveron nos máis importantes encontros que, dentro e fóra de España, comezou a organizar a oposición moderada (liberais, socialistas, demócrata-cristiáns), en moitos casos baixo o amparo do Congreso pola Liberdade da Cultura. No caso das reunións celebradas en España, como foron as de L'Ametlla (1964), Toledo (1965), Córdoba (1967), a non-nata de Santiago de Compostela (1968) —que había de ser no propio domicilio de García-Sabell— ou a de Can Bordoí (1971), a carón dunha copiosa representación catalá e madrileña, van a estar presentes García-Sabell, Piñeiro ou Beiras, o que contribuíu a colocar o problema galego no marco xeral dun novo modelo territorial da España do posfranquismo. No coloquio de 1971, dedicado expresamente ao “modelo territorial da España democrática”, no que estiveron presentes figuras como Ridruejo, Josep Benet, López Salinas, Raúl Morodo, J. A. González Casanova, Joan Raventós ou V. Ventura e do que se gardan actas dos seus debates, a posición de Ramón Piñeiro ficou nididamente expresada: “Estamos en conflito coa estrutura do Estado” porque obriga os galegos a “deixar de ser” para “ser outra cousa”, de modo que a súa proposta de futuro era de natureza federal e democrática: “Para que haya una verdadera democracia en España es necesario hacer reformas en las estructuras sociales y económicas. Pero también es necesario reformar la estructuras políticas del estado. Es decir, en España democracia va unida a federalismo” (Jordi Amat, *Els “Coloquios Cataluña-Castilla” (1964-1971. Debat sobre el model territorial de l'Espanya democrática*, 2010, pp. 138-140).

Esta evolución estratéxica do grupo Galaxia estaba cada vez máis afastada xa non só dos grupos do exilio galego en América, senón tamén das pautas adoptadas polo novo nacionalismo en Galicia e, de forma especial, pola UPG, que fiou boa parte da súa política exterior á relación cos asinantes da “carta de Brest” (1974), na que os obxectivos centrais eran a denuncia do imperialismo e do colonialismo a que estaban sometidos os pobos de Europa, nomeadamente en España, Francia e Irlanda. A liña de ruta do galeguismo

do interior estaba marcada pola diagnose que, desde os anos corenta, estaba a facer boa parte da oposición ao franquismo (socialistas de Prieto, nacionalistas vascos) a respecto de que alternativa defender para un panorama posfranquista. Alternativa que consistía no rexeitamento dun retorno á situación de España en 1936, incluído o réxime republicano, e unha aposta decidida pola democracia política e pola integración en Europa occidental. E para lograr estes obxectivos, a opción do grupo Galaxia foi a de facer política por outros medios, isto é, construír un entramado cultural co que “producir” identidade galega, que se manifestou non só na creación dunha editorial (Galaxia), senón tamén na incorporación a outras institucións, como a Real Academia Galega ou, máis esporadicamente, á universidade. Certamente, esta escolla era tan realista como arriscada, porque supuxo o abandono da política partidaria e a defensa dunha estratexia de penetración de doses do ideario galeguista nas correntes partidarias que se constituísen en Galicia. Con independencia de acertos e erros, o que semella evidente é que a opción dos galeguistas do interior supoñía a asunción do clásico papel do intelectual como actor social e político. Era un modo de falar no nome da nación que carecía de voz política propia. Da cultura como ferramenta para lograr o rexurdir espiritual da nación, que era o obxectivo estratéxico do galeguismo desde 1950, pasouse á conversión da cultura nunha arma directa de intervención na area política mediante prácticas que lle son propias: a influencia e a intermediación; en suma, a dotación de lexitimidade aos actores que actúan no proskenio, que foron os partidos políticos. Aquí foi onde se testaron os acertos e os erros da aposta dos galeguistas “históricos” pola construción do réxime autonómico. A ocasión veu dada pola excepcional conxuntura da transición democrática e da construción dun novo marco de organización territorial do poder en España.

O reto da autonomía

A intensidade das mudanzas que experimentaron as institucións políticas en España nos anos posteriores á morte de Franco permitiu que abrollasen forzas políticas novas e mesmo figuras individuais que resumen en si mesmas a complexidade daquelas mudanzas. Non hai dúbida do papel central que xogaron persoas como Adolfo Suárez, Santiago Carrillo ou a propia monarquía na gobernación daqueles anos convulsos. No caso de Galicia non houbo nin retornos emblemáticos do exilio (ao estilo de Josep Tarradellas) nin tampouco un especial protagonismo do novo nacionalismo da UPG e AN-PG, dada a súa teimuda

defensa dunha alternativa non-autonomista e a aposta por unha ruptura que, na práctica, se entendía como unha revolución política de liberación nacional. Na ausencia de ilustres retornados ou de forzas políticas claramente autonomistas, o espazo político da causa autonomista foi ocupado por outros actores, e esta é unha das razóns que explica o protagonismo do galeguismo “histórico” naquela conxuntura, convertido na argamasa que termou da parede na que se sustentaría o futuro tramado do novo réxime democrático. Para encadrar debidamente a relevancia política deste pequeno grupo cultural cómpre chamar a atención brevemente sobre as grandes liñas do proceso durante os anos 1976-1981, que é cando se xoga a baza principal desta partida, e contextualizar brevemente as diferentes alternativas políticas existentes naquela altura en relación coa futura autonomía de Galicia.

Alén dos matices e mesmo escisións que se produciron nos diferentes espazos do espectro político galego do posfranquismo, resulta claro que existían tres grandes opcións. A primeira, xa mencionada, sería a representada polo novo nacionalismo no que a voracidade organizativa e política da UPG logrou bloquear a estratexia “galeguista democrático-formal, europeísta e federalista” do PSG, que textos da época (L. González Blasco, *A política e a organización exterior da UPG (1964-1986)*, 2012, pp. 453 e ss.) atribuían á influencia do grupo Galaxia sobre o partido e sobre o seu principal líder, X. M. Beiras, quen daquela aínda actuaba dentro da estratexia dunha alianza do socialismo ibérico a través da Federación de Partidos Socialistas (FPS). De feito, en maio de 1976 Beiras estivera presente en Alxer nunha reunión co FLN alxeriano (F. Pérez-Barreiro, *Amada liberdade*, 2013, p. 145), como parte dunha delegación da FPS na que estaban “un catalán, un mallorquín, un valencían, un andaluz, un madrileño e un galego” —descrición que cadraba co formato das reunións do Congreso pola Liberdade da Cultura—, pero onde se procuraba unha “solidariedade dos movementos socialistas de liberación nacional”, o que achegaba a FPS aos “ecos terceiromundistas” que tanto influíron nas posicións de moitas forzas políticas da esquerda na España dos anos sesenta e setenta.

A segunda alternativa sería a representada polos principais partidos da esquerda estatal con algunha relevancia en Galicia, nomeadamente os comunistas do PCG, creado como tal en 1968, pero tamén por parte de grupos máis radicais non nacionalistas. O recoñecemento da personalidade nacional de Galicia foi constante nos textos e publicacións do PCG e do seu principal guieiro histórico, Santiago Álvarez. Esta asunción da identidade galega era coherente cunha posi-

ción xeral da esquerda española de defensa do dereito de autodeterminación dos pobos, que diversos congresos do PCE e do PSOE celebrados nos anos sesenta e setenta colocaron como unha das súas resolucións, aínda que con frecuencia se combinase esta proposta cunha explícita mención de Cataluña, País Vasco e Galicia ou, no seu caso, das “nacionalidades ibéricas”. Alén destes acordos globais, as prácticas culturais e políticas do PCG no tardofranquismo e na transición estiveron guiadas por un grande activismo non só no movemento veciñal, senón tamén no cultural, no que cómpre mencionar o labor de X. Alonso Montero ou, desde posicións máis externas, de Isaac Díaz Pardo. Pero o máis relevante para este asunto foi a defensa que o PCG efectuou do autonomismo e, nomeadamente, do Estatuto de Autonomía de 1936, cuxa reivindicación adquiría maior valor fronte ao desprezo do autonomismo por parte do novo nacionalismo galego.

A terceira alternativa, con frecuencia pouco atendida, foi a constituída pola “eclosión neorrexionalista” que se advirte na España dos anos setenta. Por todas partes abrollan movementos políticos e plataformas culturais de carácter máis ou menos rexionalista, que teñen, a xuízo dos estudosos, un efecto “paradoxal”. Renovan, por unha banda, a tradición da rexión e do rexionalismo na construción do nacionalismo español e abren vías, por outra banda, cara á potenciación de valores locais que poden agrandar a reivindicación autonomista de nacionalidades e rexións (X. M. Núñez Seixas, “Nuevos y viejos nacionalistas: la cuestión territorial en el tardofranquismo, 1959-1975”, *Ayer* 68 (2007). Para o caso de Galicia, este rexionalismo matizado atopou un grande arraigamento na forza política hexemónica daquela época, como foi a UCD, que tivo no Partido Galego Independente (PGI), liderado por Meilán Gil, un dos seus grandes piares. Unha boa constatación de que esta emerxencia de partidos e líderes de ámbito rexional foi unha gran novidade está nos debates parlamentarios da Constitución de 1978, nos que alén dos relatores ou líderes dos grandes partidos políticos estatais, figuran en lugar prominente, polo menos en número de intervencións, nomes como os aragoneses Emilio Gastón e H. Gómez de las Rocas, o galego Meilán Gil ou o navarro Pegenaute.

Volvamos ao caso da transición cara á autonomía galega. A posta en funcionamento do sistema autonómico, malia as dificultades padecidas polo texto do Estatuto na súa redacción e tramitación parlamentaria, foi un proceso relativamente rápido. De abril de 1978, cando se produce a toma de posesión de Antonio Rosón como presidente da “preautonomía”, a febreiro de 1982, que é cando

se constitúe o primeiro goberno autonómico presidido por Xerardo Fernández Albor, pasaron menos de catro anos. A aparición da autonomía como unha expresión do autogoberno de Galicia derivaba —alén da súa propia identidade como nación cultural— da vontade política do goberno de Adolfo Suárez de ofertar unha saída ás demandas das “nacionalidades históricas” mediante a creación dun novo modelo de estrutura territorial de España, que acabou por estar constituído por dezasete comunidades autónomas. O caso de Galicia foi singular e anómalo, porque formou parte da tríade das autonomías que, por teren plebiscitado un Estatuto antes da Guerra Civil, puideron acceder ao réxime autonómico por unha vía rápida; pero, pola contra, a continuidade simbólica que Cataluña e Euskadi alcanzaron coa recuperación de institucións e dirixentes do exilio non foi posible no caso de Galicia que, no propio decreto de concesión do réxime de preautonomía, en marzo de 1978, aparece equiparada a Aragón, Canarias e Valencia. Aínda que poida parecer un síntoma máis da aldraxe padecida por Galicia, habería que reparar no escaso peso político que naquela altura tiña Galicia no conxunto dos debates políticos da transición. Nun artigo publicado nos *Cuadernos de Ruedo Ibérico* (61, 1979) por *Genaro Campos* (pseudónimo de tres brillantes economistas: J. M. Naredo, Juan Muñoz e J. Martínez Alier), achégase unha estatística dos “vocábulos” empregados na comisión constitucional na que se estaba a elaborar a Carta Magna e os resultados son ben ilustrativos: España (1.286 veces), País Vasco-Euskadi (387), Cataluña (366) e, a moi longa distancia, Galicia (61 veces), Valencia (46) e Aragón (41).

A presenza política de Galicia no proceso de transición foi, con todo, algo máis substantiva do que supoñen estas mencións. Na Comisión dos Nove, de negociación da reforma política co goberno Suárez, estivo presente a figura sobranceira de Valentín Paz-Andrade, e nos debates constituíntes Galicia ficou equiparada formalmente a Cataluña e o País Vasco como “nacionalidade histórica”, por ter plebiscitado antes da Guerra Civil un texto estatutario. O traballo dos devanceiros non fóra inútil. Agora ben, o asunto en 1977 era encarreirar o proceso autonómico de acordo coa tradición interrompida coa Guerra Civil, nun contexto de ausencia dun nacionalismo político moderado que asumise a herdanza do 36 e dun nacionalismo de esquerdas que, en percepción coetánea de Ricardo Palmás, padecía un “grao de gochismo delirante” (F. Pérez-Barreiro, *Amada liberdade*, 2013, p. 147). Alén diso, as posicións do espectro galeguista eran algo distintas entre si, carecían de ancoraxes partidarias e

mesmo non eran partilladas de forma unánime. Malia todas estas reservas, o resultado final foi talvez mellor do que se podía supoñer ao principio do camiño. Vexamos brevemente posicións sostidas, diferenzas explicitadas e escollas feitas.

Os galeguistas do exilio, malia as disensións rexistradas cos seus homólogos do interior, estaban moi alerta sobre o futuro de Galicia despois da morte de Franco. Unha carta anticipatoria de Prada a Fernández del Riego, do 11-XI-1975, xa pregunta sobre “os plans que se propoñan desenvolver os herdeiros de Daniel [Castelao] aí”, ao que Del Riego responde que “poñereime á fala con Moncho [Piñeiro]”. A resposta de Piñeiro non debeu ser do agrado de Prada, pois este respóndelle (12-II-1976) que a conciencia galeguista non é obra exclusiva “do voso labor” (i. e., de Galaxia) ao tempo que critica o seu “olimpismo” ao se colocar por riba de grupos e partidos: “¿O seu papel é facer de eminencia gris ou de ‘referi’ no campo de fútbol político galego?” Con todo, meses andados, o propio Prada confésalle a Piñeiro a súa ledicia pola presenza de Paz-Andrade na Comisión dos Nove para tratar “a mellor maneira de restaurar a democracia”, así como da concorrencia de varios galeguistas como candidatos ao Senado nas eleccións de 1977, aínda que os resultados non acompañasen, pois só triunfou Paz-Andrade como galeguista propiamente dito. E, finalmente, en novembro de 1977 o propio Prada faise eco da posibilidade de que algúns galeguistas, por “bon senso e verdadeiro patriotismo galego” se incorporen á primeira Xunta de Goberno de Galicia, e cita expresamente a “Domingo, Del Riego, Paz-Andrade e vosté”, a quen, algúns meses despois, lle reitera que debe ser o presidente da Xunta: “Honra ben merecida, por certo!” Outros membros do exilio, como Antón Crestar, Núñez Búa ou Delgado Gurriarán, pensaban en Paz-Andrade para tal responsabilidade e algúns do interior, como Isaac Díaz Pardo, matinaban un pouco a destempo coa hipótese de Osorio-Tafall ou de Antón Alonso Ríos.

Pero as cousas, como é sabido, camiñaron por outro viero. Os resultados das eleccións de xuño de 1977 mudaron, en todas partes, as estratexias dos partidos políticos. Para a gobernante UCD, o triunfo da esquerda en Cataluña reforzou a alternativa de negociar o regreso de Tarradellas para tratar de restar protagonismo a figuras emergentes como Jordi Pujol ou Joan Raventós. No País Vasco, malia o acordo entre UCD e PSOE para situar á fronte da preautonomía vasca o socialista Ramón Rubial, o retorno dos líderes históricos do PNV permitiu que a causa vasca tivese unha presenza política e parlamentaria moi forte nas eleccións de 1977 e nos debates constituíntes. No caso de Galicia, a perspectiva dun

galeguista independente á fronte do Xunta pre-autonómica perdeu prioridade perante a *debâcle* padecida pola esquerda “españolista” e polas forzas nacionalistas (moderadas ou radicais), que ficaron en posición extraparlamentaria. Os centristas, co seu triunfo esmagador, asumiron que debían comandar a preautonomía e transformar o seu rexionalismo nunha aposta pola autonomía. O debate era a quen escoller como presidente, entre varias alternativas: X. L. Meilán Gil, Pío Cabanillas ou Antonio Rosón. O elixido foi Rosón, co implícito apoio de Cabanillas e tamén dos galeguistas “históricos”, nomeadamente de Piñeiro, por razóns que teñen que ver coa súa longa e íntima amizade persoal desde os tempos da Guerra Civil. Esta escolla provocou as primeiras friccións dentro do galeguismo: os exiliados non comprendían as razóns do apoio a Rosón —mesmo se viron moi sorprendidos pola campaña que daquela fixera a revista *Interviú*— e, en Galicia, figuras como Paz-Andrade non se recataron de criticar abertamente esta deriva: “Foi un xarro de auga fría que se derramou sobre o desbordado fervor que se manifestara na rúa o día 4 de Nadal” [de 1977], pois o que fixo o partido da UCD foi colocar “no fráxil pedestal nacente” da autonomía a quen era un “expoñente do franquismo máis recalcitrante e do caciquismo máis tradicional” (Carta de V. Paz-Andrade a Antón Crestar, 21-IV-1978, que logo circulou amplamente nos círculos galeguistas porteños).

A fractura aberta pola escolla de Rosón, malia o seu talento aberto e galeguista, non contribuíu a embridar o proceso autonómico, de modo que a súa dinámica foi un constante xogo de equilibrios políticos e de complicidades. Os equilibrios estiveron á orde do día, especialmente no seo da forza política hexemónica daquela en Galicia, a UCD, que lograra vinte dos vinte e sete escanos nas eleccións de 1977. Malia os esforzos de apertura auspiciados por Rosón para a elaboración dun Estatuto de Autonomía que fose homologable aos de Cataluña e Euskadi, encomendado á chamada “Comisión dos Dezaseis”, o resultado final que se presentou na comisión constitucional do Congreso dos Deputados foi obra non só da maioría que representaba a UCD, senón do sector que estaba máis enfrontado coa estratexia de Rosón que, ademais, foi apartado da presidencia da preautonomía en xuño de 1979. O texto estatutario galego saíra xa “devaluado” de Galicia, en opinión dunha testemuña coetánea como Ceferino Díaz (*A esforzada conquista da autonomía*, 2007, p. 89).

Outros partidos xogaron un papel importante, por veces esencial, neste proceso. O PSOE, que xa contaba desde 1978 coa achega dun importante grupo de escindidos do PSG e, desde

abril de 1979, cun notable poder municipal, mantivo unha posición moi firme na defensa dun Estatuto homologable aos xa aprobados de Cataluña e de Euskadi. E varios partidos extraparlamentarios, como o PCG e os reunidos na coalición de Unidade Galega, alén de organizacións obreiras, foron decisivos na mobilización contra o Estatuto “da aldraxe”, celebrada outro 4 de Nadal (en 1979). Pola súa banda, a Alianza Popular de Fraga Iribarne foi capaz de facer viable a integración da dereita no carro da autonomía, que se materializaría na “Declaración de Cambados” (marzo de 1980) e na súa participación activa nos Pactos do Hostal de setembro de 1980; e o nacionalismo radical, que rexeitaba de modo frontal a vía autonómica coa aposta polas “Bases constitucionais”, colaborou desde fóra da cidadela autonómica —e talvez de modo inadvertido— a que esta tamén se consolidase nunha dirección máis sensible á tradición galeguista do que facía presumir a hexemonía dos partidos de centro-dereita no panorama político de Galicia a finais da década dos setenta.

As complicidades manaron doutras fontes. Ben é verdade que entre os dirixentes políticos dos partidos actuantes daquela en Galicia chegou a existir unha relación persoal que facilitou acordos, moitos deles trabados “a mesa e mantel” en locais de Compostela e Madrid ou, de cando en vez, á sombra de parrais de pazos do Salnés. Un líder centrista como Pío Cabanillas contactaba, en marzo de 1977, con Martínez-Risco, Piñeiro e Paz-Andrade, para lles facer saber que se debía pensar nun “pacto de los partidos y personalidades gallegas en defensa de nuestra tierra”. Tamén é claro que a existencia de polo menos “dúas almas” no seo da UCD e do PSOE, unha máis autonomista e outra máis sensible á chamada eufemisticamente “racionalización autonómica”, facilitaba algo estas complicidades, tanto no contexto galego como no conxunto de España. Pero a encrucillada da que partían varios dos camiños que permitiron acordos estratéxicos e superación de atrancos aparentemente insalvables por parte dos partidos políticos, acabou por lle conceder de novo unha notable capacidade de actuación a un reducido grupo de persoas, os galeguistas “históricos”, que coa súa autoridade moral e o seu compromiso propio dunha estratexia da *real politik*, contribuíron a desatascar un proceso que, coa aprobación do Estatuto cos únicos votos da UCD e a mobilización contra o “Estatuto da aldraxe”, ameazaba con levar a autonomía galega a unha calella sen saída.

O mecanismo empregado foi o propio dos intelectuais que falan no nome da nación atribuída polos desencontros dos seus dirixentes políticos. Unha serie de manifestos divulgados desde



Presentación do grupo Realidade Galega. De esquerda a dereita, Domingo García-Sabell, Fermín Penzol, Ramón Piñeiro, Luís Seoane e Marino Dónega, 1980

1977 por impulso dos “galeguistas históricos” logrou colocar o problema da autonomía e do seu texto estatutario no centro do debate político, ao facer depender o ser ou non ser da nación da capacidade dos seus dirixentes de facer valer politicamente a identidade cultural de Galicia. Houbo manifestos e denuncias públicas da situación política con ocasión das eleccións de xuño de 1977 e, sobre todo, cando o debate estatutario. Un artigo de García-Sabell publicado en *El Ideal Gallego* en novembro de 1979, titulado “Galicia”, tiña azos de ser unha versión enxebre do “J'accuse...” de Émile Zola. E a principios do mes de marzo de 1980, cando o proceso estatutario estaba bloqueado —aprobado pola UCD, rexeitado polo resto das forzas políticas, sen data prevista para celebrar o referendo—, foi divulgado o máis relevante manifesto político elaborado baixo a batuta de Ramón Piñeiro, tanto polo número de asinantes —sesenta e sete—, como polo momento escollido, de verdadeiro atasco na tramitación parlamentaria do Estatuto de autonomía.

O texto era obra do grupo Realidade Galega. A súa finalidade esencial era facer un chamamento aos partidos políticos autonomistas, e de forma moi directa á UCD, para que se avíñesen a unha revisión do texto estatutario aprobado na comisión constitucional do Congreso dos Deputados, que tan rexamente fora rexeitado pola sociedade galega coa mobilización organizada no inverno de 1979 pola “aldraxe” cometida en Madrid contra a dignidade de Galicia. A revisión tivo lugar despois do verán e o referendo celebrouse no mes de Nadal, con resultados positi-

vos, aínda que dentro dunha alarmante abstención do electorado. A influencia deste manifesto non é doada de fixar nos seus xustos termos, porque a súa interpretación escorou cara ás supostas ganancias persoais logradas polos seus principais promotores e non en termos estritamente políticos e ideolóxicos, incluídas lendas urbanas como a súa orixe “non sancta” que lle atribuían ser inspiración de secretas loxas, que daquela estaban moi en voga na política italiana, urdidas derredor dunha famosa “mesa-braseiro”.

Por iso é difícil avaliar a fornada que cadaquén levou ao muíño do proceso autonómico. Nesta facenda, o saco que recolleu máis maica foi o dos partidos políticos de vocación autonomista, tanto os que estaban á defensiva (UCD), como os que loitaban por un trato autonómico para Galicia propio dunha “nacionalidade histórica”. Entre estes partidos estaban, con tons diversos e tácticas algo cambiantes, desde a Alianza Popular (AP) ata o Partido Comunista de Galicia (PCG). O propio partido goberamental experimentara durante o ano 1980 sucesivas derrotas electorais (referendo andaluz, eleccións catalás e vascas), que amoleceran a súa rochosa resistencia para aceptar o erro cometido no caso de Galicia. A presenza estival do presidente Suárez en Galicia en agosto de 1980 e a foto dos integrantes dos “Pactos do Hostal” lograda en setembro de 1980 é a mellor mostra deste protagonismo partidario. A solución arbitrada para o Estatuto da Aldraxe foi obra súa, ata o punto de se considerar aquel pacto como un feito “constituínte” da autonomía galega.

Fronte ao conxunto dos partidos, a intervención das xentes da cultura no proceso foi desde logo menos vistosa, pero probablemente non menos eficaz. Carecían de exército propio, pero achegaban unha fasquía galeguista —moito máis valiosa pola posición antiautonomista do nacionalismo— que marcou a fase final do proceso autonómico e, en certo modo, tamén a primeira lexislatura do Parlamento galego. Influencia que non se pode atribuír só á presenza de catro galeguistas nas bancadas do grupo parlamentario do PSdeG-PSOE, senón a unha interiorización moi xeneralizada por parte dos líderes políticos de todos os partidos da autoridade moral do galeguismo cultural. Decisións importantes acordadas por unanimidade polo Parlamento galego, como a Lei de símbolos e, sobre todo, a Lei de normalización lingüística, só se poden entender neste ambiente político creado no principio da autonomía. E se comparamos a presenza de membros do grupo Galaxia na escena política coa protagonizada polos “cuadernícolas”, isto é, os promotores e sustentadores de *Cuadernos para el Diálogo*, resultaría doado comprobar ata que punto se nutriron desta fornada de intelectuais e profesionais as directivas dos principais partidos da transición española, tanto a UCD como o PSOE, así como altas maxistraturas do Estado. As pasarelas entre a cultura e a política foron moito máis transitadas fóra que dentro de Galicia.

Coda: ¿revisar a transición?

Quero rematar cunha breve referencia a un debate de grande actualidade, que afecta á vixencia da propia Constitución de 1978, á natureza da transición democrática e, desde logo, á organización territorial do Estado e as autonomías. Algunhas voces, talvez as máis estridentes, que hoxe se escoitan sobre o proceso da transición insisten en alcular o resultado da mesma como un acto errado ou como unha ocasión perdida para a verdadeira ruptura co réxime ditatorial anterior, o que alimentou nos anos recentes unha numerosa publicística sobre os “mitos” da transición. Para o caso de Galicia esta perspectiva revisionista non deixou de axustar contas, en textos historiográficos ou en obras memorialísticas, coa actuación dunha minoría de intelectuais ou de galeguistas “históricos” que, en gran parte, pertenceron ao grupo promotor da Editorial Galaxia pero do que tamén formaban parte outras correntes culturais tanto do exilio como do interior. Ben é verdade que a maior culpabilidade das eivas da transición en Galicia ten como destinataria a figura de Ramón Piñeiro, pero como xa tiveron ocasión de soste no acto solemne dedicado pola RAG a

esta figura con motivo do Día das Letras Galegas en 2009 (R. Villares, “Ollar a Piñeiro hoxe: de coetáneo a figura histórica”, *Boletín da RAG* 370, 2009), é preciso deixar de enfocar esta figura como un “coetáneo” e comezar a analízala en termos históricos afastados do maniqueísmo moral.

Como acontecera na época franquista a respecto do século XIX, constantemente difamado, parece que asistísemos na actualidade a unha onda de revisionismo análogo, practicado tanto desde a esquerda como desde a dereita. Tanto como atender estas críticas sobre a transición, habería que analizar as razóns de que aparecen nos últimos anos. É frecuente explicar esta eclosión revisionista pola “lei da terceira xeración”, na que os netos se interrogan sobre acontecementos e resultados sobre os que os pais non puideron ou quixeron falar e os avós xa non están. Pero os combates sobre o pasado, con seren lexítimos e mesmo necesarios, non poden converterse en substitutivos da ausencia de análise histórica, que me parece máis urxente. E neste punto é imprescindible tratar de analizar como foi posible que o proceso de chegada á autonomía galega fose da forma que foi, no canto de se laiar de que non acontecese o que a cada un lle gustase que sucedese. Resulta ben ilustrativo, neste caso, o relato da comunista italiana Rossana Rossanda, que efectúa en 1981 unha narración da súa mítica viaxe a España durante o ano 1962, á conta dos contactos establecidos cos diversos núcleos de oposición ao franquismo e das súas estratexias, que logo confronta con viaxes posteriores a España, xa morto Franco. O seu informe aos superiores do PCI en 1962 fora demoledor: en España non vai suceder “nada do que esperamos”, nin folga xeral nin levantamento popular contra o ditador. Pero vivida xa a transición democrática, a mesma informante comprobou que a súa sorpresa de vinte anos antes tiña explicación na “continuidade dun modo de ser de España” (*Un viaggio inutile*, 1981). Comprender leva máis tempo do que parece.

A versión canónica da transición española, construída de modo paralelo á súa evolución histórica, en certo modo revalida a impresión de Rossanda, malia a denuncia de moitas das virtudes dese proceso —“modélico”, “pacífico”, “consensuado”—, definido máis como un “mito” construído de forma interesada polos seus protagonistas que como un relato veraz do que aconteceu. O resultado desta narrativa é considerar a transición como a fonte da que manan as eivas que presenta a política española dos tempos presentes. É claro que estas voces críticas aspiran a crear un marco interpretativo que permita revisar ou, cando menos, mudar os fundamentos morais do propio sistema democrático actual. Agora

ben, como se preguntaba a propia Rossanda, ¿é posible que unha ditadura se transforme da noite para a mañá en democracia?

A solución da transición española parecería refutar esta dúbida, pero as críticas presentes retornan sobre aquel interrogante. Non obstante, ao meu xuízo, o problema é outro, porque hai un actor que nunca se deixa achegar ao primeiro plano do escenario. E ese actor é a natureza do réxime franquista e a matriz moral que lexitimaría a oposición á ditadura, que sería o antifranquismo. Para analizar tanto o franquismo como a transición democrática é imprescindible desprenderse da ganga que trae canda si o antifranquismo, porque na construción dos “antis”, do estilo que sexan, hai máis influencias do combatido do que se pode pensar. Aplicado ao noso caso, do que se trata é de saber canto de rexeitamento da democracia política ou da organización das autonomías hai nas críticas presentes á transición de hai trinta e cinco anos e, de paso, á propia democracia.

A democracia como sistema político representativo era flor que se cultivaba con preferencia nos xardíns da oposición moderada —en substancia, a formada polos asistentes ao encontro de Múnic— e non nos da oposición radical, como advertiron algúns protagonistas da loita antifranquista: “O noso modelo político non era a democracia liberal, senón a democracia revolucionaria”, foi a evocación autobiográfica de Javier Pradera (A. López Pina, ed. *La generación del 56*, 2010, pp. 201-202). Esta reflexión tamén se está a percibir nos grandes debates que teñen lugar no contexto portugués, malia a substancial diferenza que existe nas fases finais de ambas as dúas ditaduras, cunha revolución no caso portugués ben distante do reformismo (ou ruptura pactada) no caso español. En todo caso, algúns dos textos máis radicais da historiografía portuguesa actual sosteñen que “a democracia não era, não se pode afirmar que era, inevitável”, apostando retrospectivamente pola revolución e non pola transición e moito menos pola reforma (R. Varela, *Revolução ou transição? História e Memória da Revolução dos Cravos*, 2012, p. 194).

Esta converxencia ibérica de miradas invita a pensar que na diagnose actual das eivas e males das respectivas democracias española e portuguesa, que son evidentes, existe máis influencia da propia herdanza das ditaduras que da malfadada transición á democracia. Porque resulta evidente que a debilidade das institucións públicas dos actuais sistemas democráticos, a confusión entre os ámbitos do público e do privado con casos de corrupción xeneralizada, a permisividade coas prácticas de capitalismo “castizo” que son claramente predadoras e nada inclusivas ou equitativas,

a baixa conciencia fiscal da cidadanía e así moitas eivas que poderíamos traer a colación, non son flores que agromasen soas, nin mesmo de forma especial, nos tempos da democracia, senón que proceden da época da ditadura franquista (e talvez de fases anteriores).

No contexto histórico de Galicia aínda non se se explicitou esta cuestión ata tal punto, pero isto non quere dicir que non se deba afrontar. O que acontece é que aínda non dispoñemos dunha narrativa canónica sobre a propia orixe moral da democracia e da autonomía en Galicia. “A historia da transición en Galicia aínda está por escribir”, sostíña o presidente Emilio Pérez Touriño no limiar á obra memorialística de Ceferino Díaz, *A esforzada conquista da autonomía, 1979-1981* (2007, p. 11), e non lle falta razón, por máis que as primeiras análises en clave de “historia do tempo presente” levasen escritas xa algúns anos. Desde entón saíron a lume varias obras de natureza historiográfica ou memorialística que achegan novas luces sobre este proceso, pero a trama básica do relato aínda segue moi dependente dunha ollada que reflicte máis a perspectiva dos coetáneos e testemuñas directas do que unha análise histórica propiamente dita. Estas achegas son de interese, pero segue a ser preciso reconstruír con criterios comparados as liñas de forza que marcaron a historia política galega dos anos sesenta e setenta, porque aí tamén se encontran non só as eivas do presente senón a matriz fundacional do réxime político no que vivimos. Porque unha cousa é analizar criticamente o pasado, mesmo abanear as columnas do templo, e outra moi distinta é que ese pasado, en forma de paxaro dun “feirante” cunqueiriano, se coloque nos canóns da escopeta coa que se quere disparar. Ese paxaro é o antifranquismo, co que tamén haberá que ir de caza noutra ocasión ■